

LA REGIÓN SALVAJE

[Amat Escalante, 2016]

284

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2017 | V.O. | +18

FICHA TÉCNICA

La región salvaje (2016, 100')

Dirección: Amat Escalante

Guión: Amat Escalante, Gibrán Portela

Elenco: Simone Bucio, Ruth Jazmín Ramos, Jesús Meza, Edén Villavicencio, Kenny Johnston

Son: César González Cortés

Montaxe: Fernanda De la Peza, Jacob Secher Schulsinger

Fotografía: Manuel Alberto Claro

Vestuario: Daniela Schneider, Ursula Schneider, Paulina Kuznicka

Dirección de arte: Kattia Calero Aráoz

Música: Guro Moe, Lasse Marhaug, Martín Escalante

Produtoras: Mantarraya Producciones, Pimienta Films (México), Adomeit Film, Snowglobe Films (Dinamarca), Bord Cadre Films (Suíza), Le pacte (Francia), Match Factory Productions (Alemaña), Mer Film (Noruega)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Español, inglés

FILMOGRAFÍA

Esclava, 2014 [curtametraxe]

Heli, 2013

Los bastardos, 2008

Sangre, 2005

Amarrados, 2002 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2016 (mellor director), Austin

2016 (mellor director), La Habana 2016

(sección oficial), Munich 2017 (sección

oficial), Sidney 2017 (sección oficial)

SINOPSE

Alejandra é unha nai moza e ama de casa que cría os seus fillos canda o seu marido Ángel nunha pequena cidade de México. O seu irmán Fabián é enfermeiro nun hospital local. As súas vidas provincianas veranse alteradas coa chegada da misteriosa Verónica. O sexo e o amor son fráxiles en sitios onde os valores familiares, a hipocrisía, a homofobia e o machismo son fortes.

«Provocadoramente estraño na súa familiaridade; sucio na súa claridade; grotesco na súa sensualidade; pedagóxico no seu xesto perverso.»

Luis Martínez, EL MUNDO



“É mellor deixar que a elección de pechar os ollos sexa do público”

Entrevista con Amat Escalante

Por Daniel Valdivia

É común atopar en festivais internacionais un cinema mexicano que non se corta á hora de mostrar violencia. Penso en filmes de Carlos Reygadas ou Michel Franco. Por que cres que festivais de todo o mundo se senten atraídos por esta visión violenta do teu país? Creo que o cinema violento resulta popular e atractivo desde hai moito tempo. Sam Peckinpah, Quentin Tarantino, David Lynch... e non creo que sexa exactamente que interese o México violento. Máis ben atrae ese tipo de filme que fala sobre un país. No meu país non todo é cinema social, é un país que está a pasar por uns tempos violentos e o cinema permite retratar esa situación dun xeito dramático e interesante.

Comentaches nalgunha ocasión que os teus inicios no cinema estaban ligados ao documental, de aí o teu gusto por traballar con actores non profesionais nos teus primeiros filmes. Con *La región salvaje* abrazas un cinema xa non tan arraigado no social para dar paso á entrada do fantástico sen

ningún tipo de concesión. Como foi ese proceso? En parte ten que ver cunha cuestión persoal de ter feito tres filmes moi directos retratando temas sociais moi específicos e afondando neles. Quixen darlle unha volta e aí foi cando agromou a idea desa criatura que aparece no filme. Para min representaba o desexo, a sensualidade, o grotesco, todo o que os personaxes do filme sentían cara á súa propia sexualidade. Daquela abriuse ante min a porta de facer algo xogando e experimentando co cinema de terror, de ciencia ficción, co cinema de xénero, o cal non foi doado. Foi doado imaxinalo, pero á hora de levalo a cabo a combinación era moi complicada. Tivemos que traballar moito a montaxe e o deseño de son para unificar eses dous mundos.

Isto implica que os procesos de filmación sexan máis artificiais. Poderías explicarnos como foi rodar as secuencias sexuais coa criatura ou a impactante secuencia carnal entre animais. Cando estou a facer os filmes sinto que todo é bastante artificial. Todo é unha construción, un truco e un certo engano cara á cámara. E cos efectos visuais é igual. É moi importante o supervisor, que no meu caso é Peter Hjort, un dinamarqués que traballa en todos os filmes de Lars Von Trier desde *Bailar en la oscuridad* (2000). Co seu talento e creatividade estaba seguro de que o que estabamos a facer ía funcionar. Síntoo moi similar, da mesma forma que as rodaxes de escenas de sexo, que non son sensuais nin sexys, son

moi complicadas e incómodas, cheas de tropezos e torpezas. Neste caso tes que finxir que pareza que hai unha sexualidade que non estaba na rodaxe.

Esta busca do desexo nun ambiente natural e fantástico ao mesmo tempo fai pensar na zona de *Stalker* de Andrei Tarkovski. A min gústame probar cousas que non vin. Existe esa frase de Hitchcock que dicía que o que non se ve é máis forte có que se ve. Eu tamén o creo, pero á vez creo en facer e probar cousas diferentes. Hai varios ángulos para esta pregunta. Neste filme era distinto a *Heli* (2013), onde non quería quitar a mirada por unha cuestión case moral. En *La región salvaje* tiña moita curiosidade por ver esa criatura. O normal sería que a cámara non se movera ou deixala na escuridade pero é mellor deixar que a elección de pechar os ollos sexa do público, non? Non significa que teñan que ser así todos os meus filmes. Neste sentía que era interesante ver a criatura, ver a sexualidade, ver os corpos, eran cousas que tiñan para min certa importancia. Non creo que sexa unha proposta xeralizada. Creo que hai moitos filmes interesantes, moi bos, onde se ve pouco do que supostamente teríamos que estar a ver, como os de Michael Haneke ou o Robert Bresson dos 70 e 80.

Publicado en <https://dafilmfestival.com/es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX